

Sr. Alcalde do Concello de Fene
Avenida do Concello, s/n
15500 Fene
(A Coruña)

Clave: DH.W15.96822
Expediente: Autorización de obras para peche lateral de finca no lugar de Rúa Pablo Ares Feal, nº 40 parroquia de Barallobre (Santiago), no concello de Fene, (A Coruña).
Solicitante: María Josefa Fernández Lorenzo
Asunto: Información pública

Achégolle xunto con este escrito o anuncio de Información Pública da solicitude presentada por María Josefa Fernández Lorenzo, para a súa exposición ó público no taboleiro de anuncios dese concello por un prazo de **vinte (20) días**, contados a partir da súa publicación (10/04/2024) no Diario Oficial de Galicia e a admisión de reclamacións durante o mesmo período.

Ó mesmo tempo solicítolle que pasado o prazo de exposición ó público dispoña a remisión a este Servizo Territorial de Augas de Galicia do citado anuncio acompañado da certificación da exposición na que se deberá facer constar se houbo ou non **reclamacións**.

A Coruña, a/o xefa/e do Servizo Territorial – Néstor Rodríguez Arias (Sinatura dixital)



ANUNCIO do 2 de febreiro do 2024, do Servizo Territorial da Zona Hidrográfica de Galicia Norte de Augas de Galicia, polo que se somete a información pública a solicitude de obra de peche de parcela no concello de Fene (expediente DH.W15.96822).

En cumprimento do previsto no artigo 78 ter.2. a) do Regulamento do dominio público hidráulico, aprobado polo Real decreto 849/1986, do 11 de abril, faise público que se está a tramitar a seguinte solicitude de autorización/legalización de obras:

Solicitante:	María Josefa Fernández Lorenzo
Dni:	3261*****
Expediente:	DH.W15.96822
Lugar:	Rúa Pablo Ares Feal, nº 40 (ref. catastral: 5526544NJ6152N0001BG)
Parroquia:	Barallobre (Santiago)
Concello:	Fene

Descrición das obras:

As obras solicitadas consisten no peche de parcela mediante postes e valos de formigón prefabricado.

A Documentación estará dispoñible para a súa consulta no portal de internet de Augas de Galicia (<http://augasdegalicia.xunta.gal>), na sección denominada participación pública, así coma nas oficinas deste Servizo situadas na rúa Vicente Ferrer, nº 2, 9 andar, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe, previa cita no teléfono 981182530.

Os interesados poderán presentar alegacións durante o prazo de vinte días hábiles, contados a partir do seguinte á publicación deste anuncio no Diario Oficial de Galicia, en calquera dos rexistros previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común.

A Coruña, 2 de febreiro do 2024

O xefe do Servizo Territorial da Zona Hidrográfica de Galicia Norte
Néstor Rodríguez Arias (Sinatura dixital)

